


O ENTROIDO

PROPOSTAS DIDÁCTICAS



**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA**

CEIP JUAN FDEZ. LATORRE A Coruña



**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA
CEIP PRAIA DE QUENXE CORCUBIÓN**



**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
DA LINGUA
GALEGA**

*CEIP W. FERNÁNDEZ FLÓREZ
CAMBRE (A Coruña)*



**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDFNACIÓN UNIVERSITARIA

CHEGA O ENTROIDO!




Adrián vivía cos seus pais en Betanzos. Cando chegou o tempo do entroido, aló polo mes de febreiro, marchou cos seus pais e a súa irmá pequena a casa dos seus tíos, Cosme e Flora, na vila de de Laza, en Ourense.

Chegou a Laza o *xoves de comadres* e pasou todo o día entre esmorgas e troulas.

Os seus dous tíos eran moi bos cociñeiros e tiñanlle reservadas unhas boas enchentas.

O sábado de entroido puxéronlle unha chea de filloas, o domingo cocido e bandullo, o luns filloas e orelas e o martes de entroido unha lacoada «de sete estalos» como lle dixo a súa curmá Carolina.

Cosme, o seu tío, sempre cantaba a mesma canción no momento de servir a lacoada do martes:



*Alegría, alegrote,
que anda o rabo
do porco no pote.*

A tía Flora tamén tiña a súa canción para o martes de entroido e que cantaba sempre que servía a sobremesa, que ese día sempre, sempre, era unha bica:

*Cacaracá,
ponte na pá,
fai un bolo,
non o comas todo,
deixa un bocado
para o martes de entroido.*

En Laza, Adrián, sempre ía disfrazado de cigarrón: cirolas de seda, medias brancas, chaqueta curta, faixa de seda, unhas chocas enormes que non deixaban de facer ruído e unha careta de madeira pintada cun gorro de lata cheo de debuxos.

Estas si que eran unhas boas festas!



QUE SABES DO ENTROIDO?



1.- Onde vivía Xan cos seus pais?

2.- Como se chamaban os seus tíos de Laza?

3.- Que comeu o domingo?


4.- Como era a lacoada que papou Xan o martes de entroido?

5.- Que día das festas do entroido tomaban bica?

SOPA DE LETRAS

Localiza nesta sopa de letras o nome de cinco comidas das que se fala na lectura do entroido.











LACOADA
COCIDO
BICA
FILLOAS
ORELLAS



COMO ANDAS DE MEMORIA?



Colorea cada parella coas mesmas cores. Recórtaas, dálle a volta e xoga cun amigo ou amiga a descubrir as parellas.



ENTROIDIÑO, O BONECO



Chegara o entroido. A xente da aldea xuntárase para facer con palla o boneco.

Sabedes como lle puxeron de nome? Chamáronlle Entroidiño.

Entroidiño tiña o corpo de palla e ía vestido con roupas vellas que a xente trouxera das súas casas. Fixérano para queimalo, tal e como o facían todos os anos ao remate da festa.

Cando estivo rematado collérono entre todos e subírono a un carballo da carballeira, como de costume.

Á tardiña, Brais, un dos nenos, achegouse ao pé do carballo ollando con envexa cara o Entroidiño.

-Que sorte! -dixo-. Ti tes pucha, roupa para disfrazáreste e mesmo unha careta. Eu non teño nada.

-Se as queres, douchas! -respondeu o Entroido-.

Brais ao escoitar esa voz ficou abraiado, porque non vía a ningún.

-Quen é o que fala? -preguntou-.

-Eu, eu!, -dixo o Entroidiño-.

O Brais ollaba ao seu redor e non vía nada.

-Non, home, non! mira cara arriba. Son eu, o Entroidiño.


Dun brinco, Entroidiño baixou da árbore, deulle a roupa e axudouno a disfrazarse. O Brais, ledo coma un cuco, foi contarlle aos seus amigos e amigas canto acontecera.

Todos xuntos decidiron que aquel Entroidiño non podía ser queimado, xa que fora bo e xeneroso.

Agora os nenos e nenas teñen un amigo máis na aldea.

Xa sabedes como se chama, non si?

Adaptación dun conto do colectivo «Ollo de Sapo»



QUE SABEMOS DO CONTO?



1.- De que material fixeron o boneco a xente da aldea?

2.- Como lle chamaron ao boneco?

3.- Para que fixeran a Entroidiño?

4.- Onde colocaron a Entroidiño?

5.- Quen ollaba con envexa a Entroidiño?

6.- Que decidiron todos os amigos de Brais?


7.- Colorea as SEIS palabras relacionadas coa lectura do Entroidiño



CAL É DIFERENTE?




Cal destes espantallos é diferente? Coloréao.



POR ONDE VAI?






Que camiño ten que percorrer o paxaro para chegar ao espantallo?



QUE CARA TES!




Colorea o debuxo e o marco. Pícalle o sitio da cara e pégalle unha foto túa pola parte posterior. Colócalle os soportes e...xa tes o teu disfrace.




FACEMOS UNHA CARAUTA?





Aquí tes unha carauta case, case, en branco. Agora só tes que completala engadíndolle unha boca grande, un parche nun ollo, o nariz, unhas cellas peludas, unha barba de tres días... e todo o que queiras. Dálle cor e listo, xa podes lucir a túa propia carauta.






UN MOUCHO









UN GATO RAIADO





UN COELLO ORELLUDO




UN OSO PELUDO, MOI PELUDO








UN OSIÑO PELUCHÍN



UN COELLO DENTÓN



O TIGRE DE MALASIA

